

A agonía do Presidente

Description

Os últimos tempos de Ieltsin semellanse cada vez máis aos derradeiros días de Brezhnev ou Chernenko. Daquela, para que non se fatigan en exceso, as sesións do Politbur non duraban máis de quince ou vinte minutos. A pesar dos cambios, Rusia segue atada a ese pasado soviético non soamente pola orixe da maior parte dos seus principais líderes, senón igualmente por esa inaudita capacidade para manter un enfermo desahuciado no cumo do poder ou a asombrosa opacidade sobre a magnitude real da súa doenza.

Ninguén hoxe é capaz de asegurar quen goberna en Rusia nin en que dirección se orienta. A fragilidade do poder federal facilita o empoderamento dos territorios que nalgún caso mesmo chegaron a establecer postos fronteirizos. A extrema gravidade da situación económica e social demanda unha clarificación do panorama político que permita a formulación dun proxecto, socialmente lexitimado, para saír da crise. Rusia non pode agardar impávida o definitivo final do seu Presidente.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Rusia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Outubro 28, 1998

Meta Fields

Autoría : 3717

Data publicación : 1998-10-28 00:00:00